



MEMORIA JUSTIFICATIVA DE LA NECESIDAD DE CONTRATACIÓN

1. SERVICIO O DEPARTAMENTO QUE PROPONE LA CONTRATACIÓN Y AL QUE VA DIRIGIDA LA PRESTACIÓN EN QUE SE CONCRETA EL CONTRATO.-

Servizo de Cultura, Educación, Deportes, Turismo e Festas

2. PRESTACIÓN CUYA CONTRATACIÓN SE PROPONE (OBJETO DEL CONTRATO).-

Organización e execución da Cabalgata de Reis Magos do ano 2020

3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CON EL CONTRATO PROYECTADO, Y JUSTIFICACION DEL CUMPLIMIENTO Y REALIZACIÓN DE LOS FINES INSTITUCIONALES DEL ÓRGANO DE CONTRATACIÓN CON LA SATISFACCIÓN DE ESTA NECESIDAD (Competencia Municipal).-

Atendendo ao artigo 25.1 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Rexime Local, corresponde ao Concello de Ferrol no ámbito das súas competencias a promoción das actividades e a prestación dos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Neste contexto -e de forma mais concreta- é unha competencia específica a promoción da cultura e a ocupación do tempo de lecer (artigo 25.2 letras l) e m) da Lei 7/1985.

De xeito análogo expresase a Lei 5/1987 do Parlamento Galego sobre a Administración Local de Galicia. Mais aló destes preceptos de carácter xeral a Lei 8/1985, sobre Patrimonio Cultural de Galicia, define este patrimonio como o conxunto de bens materiais e inmateriais que deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e identidade da cultura galega, o cal inclúe aquelas manifestacións populares arraigadas no territorio da comunidade galega. Concretando esta materia no ámbito local, o artigo 4 da citada lei regula a colaboración das entidades locais impondo a istas a obriga de protexer e defender o dito patrimonio cultural.

Sendo este o marco normativo non cabe dúbida de que a celebración dun evento festivo na noite anterior ao día de Reis ven a responder a unha demanda dos vecinos con vistas a ofrecer ao público infantil, xuvenil e adulto a tradicional Cabalgata de Reis, arraigada na tradición navideña, como elemento de ilusión para os nenos e nenas, asemade de como elemento de participación, integración e convivencia entre os vecinos, combinando elementos decorativos como o desfile de carrozas e disfraces en pro da variedade de estilos e diversidade cultural. Esta tradicional Cabalgata constitúe unha tradición fortemente arraigada nos concellos galegos, incorporándose á programación habitual no período de Nadal dos municipios galegos.

Polo tanto, atendendo ás obrigas deste Concello en relación á protección do patrimonio cultural inmaterial, así como no exercicio das competencias propias en materia de promoción da cultura e do tempo de ocio dos cidadáns entra dentro do ámbito competencial deste Concello a organización e realización da tradicional Cabalgata de Reis do día 5 de xaneiro de 2020

4. IDONEIDAD DEL OBJETO Y CONTENIDO DEL CONTRATO PARA SATISFACER

LAS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE.-

Partindo da inexistencia de medios organizativos e de persoal, que se indica no documento específico deste expediente, a contratación que se pretende, engloba o conxunto de actuacións dirixidas ao deseño, organización e execución do evento festivo obxecto da contratación: existe plena idoneidad entre o fin perseguido coa contratación e o conxunto de prestacións a contratar que permitirán a celebración do evento festivo obxecto deste contrato (artigo 28 LCSP).

5. JUSTIFICACIÓN, EN SU CASO, DE LOS MOTIVOS VÁLIDOS PARA LA NO DIVISIÓN DEL OBJETO DEL CONTRATO EN LOTES, de acuerdo con lo establecido en el artículo 99.3 LCSP.-

O contrato que se pretende non se divide en lotes, en aplicación do disposto no artigo 99.3.b) da Lei de Contratos de Sector Público (Lei 9/2017) atendendo á propia natureza do contrato que se realiza en datas e horas concretas do día 5 de xaneiro de 2020 cun percorrido determinado, considerando que se trata dun espectáculo-desfile-cabalgata que implica para a súa correcta execución a necesidade de coordinar a correcta execución das diferentes prestacións e a sincronización do conxunto de elementos integrantes (personaxes, carrozas...), todo o cal non fai recomendable a súa división en varios lotes e pluralidade de contratistas diferentes dente o punto de vista técnico e artístico. Sendo este o resultado final da prestación contratada a súa división en lotes implicaría, non só un encarecemento do obxecto do contrato, contrario ao principio de eficiencia no emprego dos fondos públicos, ao esixir novas e esenciais prestacións (coordinación dos distintos aspectos parciais executados por distintos contratistas e duplicidade de medios) senon unha notoria dificultad técnica que permitise garantir a perfecta conxunción dos distintos aspectos sectoriais do evento contratado.

6. JUSTIFICACIÓN, EN SU CASO, DEL PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN PROPUESTO, cuando sea distinto del procedimiento abierto o restringido Y/O JUSTIFICACIÓN DE LAS RAZONES QUE HABILITAN LA TRAMITACIÓN URGENTE O ANTICIPADA DEL EXPEDIENTE, de acuerdo con lo establecido en el artículo 119 LCSP y DA 3ª.2, respectivamente.-

Atendendo ás características do contrato e aos prazos de execucion, propónse o emprego do procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 LCSP.

Por outra banda, ao tratarse dunha prestación cuxa execución corresponde ao exercicio 2020, propónse que a súa tramitación se realice como anticipado de gasto.